



**14 de marzo de 2011.** ADEGA vén de constatar a presenza da **ameixa asiática** (*Corbicula fluminea*) no

río Mero, nun treito pertencente ao concello de Cambre. Trátase da poboación máis nor-occidental da Península Ibérica desta invasora. A ameixa asiática é un bivalvo de auga doce orixinario de Asia que penetrou en Galiza en 1989. Até o de agora a súa distribución limitábase á bacía do Miño mais o recente descubrimento na do Mero, sen conexión coa anterior, representa un

### **preocupante avance desta invasora**

. ADEGA demanda da Xunta a posta en marcha de planos de prevención e erradicación das especies invasoras, especialmente as fluviais, que poñen en perigo a nosa biodiversidade autóctona e que, como a ameixa asiática ou o mexilón cebra, poden orixinar ademais importantes perdas económicas.

No último século, [das 88 especies acuáticas invasoras rexistradas na península, 31 xa están presentes nos ríos galegos](#). O ritmo de invasión incrementouse a partires dos anos 90 do pasado século, cando a UE aprobou a libre circulación de persoas e mercadorías no seu territorio. Nos ríos

galegos xa están presentes entre outras, a ameixa asiática (*Corbicula fluminea*

), o caranguexo americano (*Procambarus clarkii*

), o peixe mosquito (*Gambusia holbrooki*

), o

[galápagos de Florida](#) (*Trachemys scripta*

)

)

- estes 4 no propio Mero e no LIC de Cecebre

-, ou especies de plantas acuáticas como

*Elodea canadensis*

, ou xacinto de auga (*Echhornia crassipes*

).



[https://www.elpais.com/.../ameixa-asiatica-rio-mero-20190801.html](#)